



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR E A XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE SEGURIDADE NOS EDIFICIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA DURANTE O ANO 2018

A Xunta de Galicia está interesada en garantir a seguridade dos edificios sedes da Administración de xustiza en Galicia, en virtude do establecido no Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, polo que se aprobou o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e que en virtude da estrutura orgánica da Xunta de Galicia lle corresponden na actualidade á Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo con este obxectivo primordial estableceranse as quendas necesarias de vixilancia e protección para garantir a seguridade en todos os edificios xudiciais. Estes servizos de vixilancia e protección serán realizados por membros do Corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo.

Ao Ministerio do Interior correspóndelle a administración xeral da seguridade cidadá e mais o mando superior das forzas e corpos de seguridade do Estado, segundo o establecido no artigo 10.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e no artigo 1.1 do Real decreto 400/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior.

Antecedentes: O Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia asinaron con data 9 de outubro de 2006 un convenio de colaboración en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia, prorrogable anualmente de forma tácita, salvo oposición dunha das partes. O 25 de outubro de 2007, o 29 de maio de 2008, o 17 de xullo de 2009, e o 18 de maio de 2010 asináronse Addendas para cada un deses anos. O 28 de novembro de 2012, o 29 de novembro de 2013, o 16 de xuño de 2014, o 30 de abril de 2015, o 14 de setembro de 2016 e o 26 de decembro de 2017 asinaron novos convenios de colaboración cuxo obxecto é a vixilancia e protección dos devanditos edificios por parte de membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste último caso cun mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo, durante os anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 respectivamente.





Así mesmo, a través da Comisión de Seguimento do Convenio, ambas as dúas partes manifestaron expresamente o seu interese na sinatura dun novo convenio, e deron redacción definitiva ás condicións de execución do convenio durante o presente ano 2018.

Finalidade: Para os efectos sinalados, formalizarase co Ministerio de Interior, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, sendo prorrogable por outros catro anos por acordo expreso das partes. Anualmente tramitaranse as oportunas adendas económicas para a actualización da prestación do servizo.

O convenio ten por obxecto a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do Corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía que estean en activo e teñan un mínimo de 25 anos de servizo activo no Corpo Nacional de Policía.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

As razóns que xustifican a sinatura do convenio son, por un lado, o interese da Xunta de Galicia en garantir a seguridade das persoas e bens nas sedes da Administración de Xustiza en Galicia, que se sitúan en inmobles de titularidade da Xunta de Galicia en virtude do traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, aprobado por Real decreto 2166/1994, de 4 de novembro. Competencias en materia de medios da Administración de Xustiza que foron asumidas pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e que en virtude da estrutura orgánica da Xunta de Galicia corresponden na actualidade á Consellaría da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Así, o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia decidiron aproveitar a experiencia destes efectivos das forzas e corpos de seguridade do estado para utilízalos na vixilancia e protección dos edificios da Administración de Xustiza en Galicia.

En relación coas razóns que impiden a libre concorrência e exclúen a contratación, o Estado e a Comunidade Autónoma con esta medida atenden simultaneamente dúas causas de utilidade pública – seguridade das sedes e ocupación de funcionarios de reserva – e, consecuentemente, conseguen a través dela a maior utilidade para o conxunto da sociedade. Esta maior utilidade xeral é a que xustifica a figura do convenio de colaboración e exclúe a contratación.





Financiamento:

O presente convenio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.400.0 do orzamento anual de gastos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ata un importe máximo de 1.500.000,00 €.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará os gastos derivados do presente convenio, tras presentación de certificación emitida polo órgano competente do Ministerio do Interior do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto, con indicación do número de efectivos dedicados aos servizos de vixilancia en cada edificio xudicial.

O importe correspondente ingresarase no Tesouro Público, conta restrinxida na recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria de liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios, a favor dos corpos de seguridade que se integran na Dirección Xeral da Policía e na Dirección Xeral da Garda Civil.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela,

